



ASUNTO: Resolución sobre solicitud de acceso a información sobre varios títulos de ocupación de demanio portuario e sobre cumplimiento de obligas tributarias.

Solicitante: Expediente: TBG 08/2017.



I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Obxecto da solicitude de acceso.

Salida: 2017017751

Data: 19-05-2017 12:22

Tipo: Notificación



Os días 19.04.2017 e 20.04.2017, se recibe nos servizos centrais de Portos de Galicia escritos de ... ; no que solicita acceso a información sobre:

- I. Que se me falcite copia (para el caso de haberla) de la solicitud nuevamente para la autorización de formalización de contrato a favor de terceros, por parte de la concesionaria ... para la prórroga del citado contrato.
- II. Que se certifique de si a fecha, se ha producido la entrega anual de las cuentas depositadas en el Registro Mercantil, o en su defecto, copia autenticada de los libros de registro de ventas e ingresos debidamente diligenciados para el cálculo del importe de las tasas que sean aplicables, tanto por parte de la concesionaria ... como por parte de la cesionaria ... (Tasa ACIS correspondiente al 1% de cifra neta de negocio realizada en el ámbito de la concesión)
- III. Que se indique la fecha en que fue concedida la Nave de ... y se facilite contrato a esta parte.

Segundo.- A partir da referida data empeza a contar o prazo dun mes para súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

1

II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

Primeiro.- Marco normativo xeral do acceso á información pública.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida, como "os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluidos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións".

O preámbulo da Lei 19/2013, do 9 de decembre, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que a persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información, no seu artigo 26.4.

Non en tanto, o exercicio deste dereito de acceso a información pública ten limitacións no seu exercicio e así a Lei 19/2013, do 9 de decembre, prevé nos artigos 14 e 15 uns límites ao dereito ao acceso, por razón da materia e por mor da protección dos datos de carácter persoal. Todas as solicitudes, que non entren dentro destes límites deberán ser atendidas, agás que existan limitacións e así se xustifiquen debidamente co chamado test de danos, ou algunha das causas de non admisión do artigo 18 desta lei.



En definitiva, en principio, a lexislación aplicable ao dereito de acceso a información pública ven configurada pola Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo á que se remiten as anteriores e a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPDP).

Segundo.- Marco normativo especial. Regulacións especiais de dereito de acceso.

Sen prexuízo do sinalado no apartado anterior, a Disp. Adicional Primeira, apartado 2 da dita Lei 19/2013, establece que:

1. *La normativa reguladora del correspondiente procedimiento administrativo será la aplicable al acceso por parte de quienes tengan la condición de interesados en un procedimiento administrativo en curso a los documentos que se integren en el mismo.*
2. *Se regirán por su normativa específica, y por esta Ley con carácter supletorio, aquellas materias que tengan previsto un régimen jurídico específico de acceso a la información.*
3. *En este sentido, esta Ley será de aplicación, en lo no previsto en sus respectivas normas reguladoras, al acceso a la información ambiental y a la destinada a la reutilización.*

Terceiro.- Identificación suficiente da información pedida. Cualificación da petición de acceso á información e da posición xurídica do solicitante respecto do procedemento.

a) Identificación suficiente da información pedida:

2

A petición do caso é suficiente polo que non se considera necesario o trámite de concreción de solicitude previsto no artigo 19.2 da Lei 19/2013.

b) Cualificación da petición de acceso á información e da posición xurídica do solicitante respecto do procedemento:

A Disp. Adicional Primeira, apartado 2 da dita Lei 19/2013, dispón que a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte dos que teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren neste.

Conforme a disposición transitoria terceira apartado a) da Lei 39/2015, do 2 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACCPAC) os procedementos iniciados antes da entrada en vigor desta lei rexeránse pola normativa anterior.

O artigo 4 da Lei 39/2015, de PACAP, no que aquí afecta, considera interesados no procedemento administrativo a:

- a) Quen o promova como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) Os que, sen iniciar o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo adóptese.



c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e acúdanse no procedemento en tanto non recaese resolución definitiva

Establecido o anterior, tendo en conta o contido desta concreta solicitude na nosa opinión Bruno Sánchez Platas non ostenta a condición de interesado no procedemento.

Cuarto.- O acceso á información e aplicación de eventuais causas de inadmisión e/ou de limitación.

Neste punto debemos distinguir a documentación solicitada nos apartados I e III desta petición de acceso formulada, da certificación solicitada no apartado II da petición.

a) Causas de inadmisión en relación aos apartados I e III desta petición de acceso:

Neste punto debemos distinguir a documentación solicitada nos apartados I e III desta petición de acceso formulada, da certificación solicitada no apartado II da petición.

Así respecto da documentación dos apartados I e II, compre aplicar o criterio xa expresados noutros expedientes de acceso á información pública, as concesións demaniais portuarias xunto cunha autorización de cesión, deben considerarse terminados en canto ditos outorgamentos de concesión administrativa por un lado e de cesión por outro, implican unha resolución que legalmente pon, aquí puxo, fin á via administrativa e contra da que non cabía outro recurso que o contencioso administrativo agás o previo e potestativo de reposición. E por outra parte esta documentación solicitada está elaborada A dita resolución foi ditada o 02.08.2010. Non se está por tanto nun procedemento en curso. Non se aprecian tampouco outras causas de inadmisión do artigo 18 da Lei 19/2013.

3

b) Limitacións de acceso en relación aos apartados I e III desta petición de acceso:

As limitacións de acceso sinaladas na Lei 19/2013 deben interpretarse restritivamente e non operan automáticamente a favor da denegación nin absolutamente en relación aso contidos, senón que terán que aplicarse o test do dano, analizando se a estimación da petición supón un prexuízo concreto, definido e evaluable, e o test do interese público, en canto a existencia deste interés que xustifica a desestimación da petición de acceso. Todo esto aplicando as limitación dun xeito xustificado e proporcionado en función das circunstancias de cada caso concreto. E así se ten indicado no Criterio Interpretativo CI/008/2015 da Comisión de Transparencia e Bo Goberno da Administración Xeral do Estado.

Considerando que se piden copias de título de ocupación de demanio portuario, consideramos que non se incurre en ningún dos supostos de limitación do artigo 14 da Lei 19/2013, en particular non se afecta aos suostos da letra h) *Los intereses económicos y comerciales* e j) *El secreto profesional y la propiedad intelectual e industrial*, deste artigo 14.

E por outra parte toda concesión demanial portuaria, como a deste caso por imperativo da normativa aplicable se somete a información pública e o seu outorgamento faise público mediante publicación en diario oficial (Diario Oficial de Galicia). Os datos relativos a obxeto, prazo, taxas, superficie concedida e titular da concesión son públicos por imperativo do artigo 110.7 da Lei 48/2003, vixente ao tempo do outorgamento desta concesión. Estes datos figuran no propio título concesional, no cal non se



constata que existan datos de carácter persoal (nín identificativos nin moito menos especialmente protexidos).

Xa que logo visto o réxime de explotación do demanio portuario de referencia; visto que o obxecto de información é coñecer o título concesional e de cesión de uso; visto que non observamos datos de carácter persoal no título concesional nin na autorizacións que deban ser protexidos, nin no marco da norma de ponderación razonada establecido no apartado 3 do artigo 15 da Lei 19/2013, estímase, que procede conceder ao acceso á información pedida nos apartados I e III desta petición de acceso.

c) Causas de limitación en relación ao apartados II desta petición de acceso:

A petición realizada polo solicitante neste apartado II, refírese a información relativa ao cumprimento de obrigas formais e accesorias para a liquidación da taxa portuaria ACIS.

Xa temos respondido algunha petición deste carácter a _____ en relación á mercantil _____ procedendo reiterar aquí os mesmos criterios que naquel expediente FGB 7/2016.

Así pois, aplicando a Disposición Adicional Primeira, apartado 2 da dita Lei 19/2013 conforme ao Criterio Interpretativo CI/008/2015 da Comisión de Transparencia e Bo Goberno da Administración Xeral do Estado, e en consideración ao obxecto de petición neste caso, o cal versa sobre o cumprimento de obrigas tributarias formais e accesorias para a liquidación e o abono dunha taxa que como prestación patrimonial de carácter público coactiva goza da natureza xurídica de tributo, entendemos que esta solicitude afecta ao dereito de acceso a información en materia tributaria, que se regula pola súa normativa específica, a Lei Xeral Tributaria 58/2003 do 17 decembro.

4

Polo tanto, o sentido da resolución que deba darse á petición de acceso ten un contido xurídico, cal é a aplicación do artigo 95 da LXT en relación coa Lei 19/2013.

O Tribunal Constitucional considera que o carácter reservado e confidencial da información tributaria se fundamenta no dereito á intimidade do artigo 18.1 da CE e no dereito á protección de datos de carácter persoal do artigo 18.4 da CE. Este derecho fundamental á reserva da información tributaria ten un carácter limitado, admitíndose a configuración legal de excepcións baixo principios de proporcionalidade e garantías de uso axeitado.

Así a dita Lei Xeral Tributaria no seu artigo 95.1, baixo o título de *Carácter reservado dos datos de transcendencia tributaria* dispón que os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración tributaria no desempeño das súas funcións teñen carácter reservado e so poderán ser utilizados para a efectiva aplicación dos tributos ou recursos cuxa xestión teña encomendada e para a imposición das sancións que procedan, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros; nos apartados que seguen enumera en lista pechada os supostos de excepción desta obriga en relación á colaboración con outras Administracións, sen habilitar estas excepcións a comunicación de datos a terceiros particulares.

Por outra parte como criterio integrador das limitacións do acceso a información pública tributaria, aquí do acceso a situacións de cumprimento ou incumprimento tributario en relación á Facenda Autonómica cabe considerar o artigo 95 bis da dita Lei 58/2003, relativo á publicidade de situacións de incumprimento relevante de obrigas



tributarias, no senso de significar que tales situacíons solo se fan públicas respecto de supostos cualificados e previa audiencia dos afectados; o cal nos leva a conclusión de que a limitación de acceso a información tributaria está reforzada considerando en sentido contrario as prescripcións do dito artigo 95 bis.

Neste senso, o preámbulo da Lei 34/2015, de 21 de setembro, de reforma parcial da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que mediante o seu artigo Único 18 engadiu este artigo 95 bis de publicación periódica de listados comprensivos de debedores á Facenda Pública por débedas ou sancións tributarias, expresa que a medida é totalmente respectuosa coa reserva de datos tributarios e, por tanto, cos principios nos que esta se fundamenta, non debendo esquecer a influencia que nesta materia ten o de protección do dereito á intimidade e a necesidade de potenciar o de eficacia do sistema tributario, todos eles conxugados na medida en que só serán obxecto de publicidade aquelas conductas tributarias socialmente reprobables desde unha óptica cuantitativa relevante, permitindo o lexislador só a difusión daquelas conductas que xeran un maior prexuízo económico para a Facenda Pública que traen causa da falta de pago nos prazos orixinarios de ingreso en período voluntario establecidos na Lei en atención á distinta tipoloxía das débedas.

Exponse todo esto en orde a explicitar a regulación especialmente tasada en lista pechada das excepcións ao especial carácter reservado dos datos tributarios cando colisiona ou interactúa cos principios de transparencia e acceso a información pública.

Por outra parte a solicitude incide sobre os límites do derecho de acceso establecidos no artigo 14.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en canto solicita datos que afectan a funcións administrativas de vixilancia, inspección e control tributario da exacción de taxas portuarias e derivadamente incide sobre posibles accións de investigación e sanción de infraccións administrativas.

Neste sentido estimamos tamén de aplicación o artigo 20.3 da mesma Lei 19/2013 (cando a mera indicación da existencia ou non da información –neste caso de presentación ou non de documentación de contas anuais ou libros contables para o cálculo do importe de taxas portuarias- supuxera a vulneración dos límites de acceso se indicará esta circunstancia ao desestimarse a solicitude), de xeito que Portos de Galicia non pode afirmar nin negar si as empresas indicadas presentaron a documentación relacionada neste apartado II da petición.

III.- RESOLUCIÓN:

Xa que logo, neste caso vistos os antecedentes e fundamentos xurídicos anteriores, e conforme á proposta de resolución do xefe da S^a. Xeral - Asesoría Xurídica de Portos de Galicia, esta Presidencia de Portos de Galicia, en canto órgano competente dita a seguinte resolución de estimación parcial:

Primeiro.- Acordase outorgar o acceso de Bruno Sánchez Platas á información sobre:

- Que se me facilite copia (para el caso de haberla) de la solicitud nuevamente para la autorización de formalización de contrato a favor de terceros, por parte de la concesionaria I para la prórroga del citado contrato.

A este efecto se lle informa que non existe nova solicitude para a autorización de formalización de contrato a favor de terceiros, por parte a concesionaria V .. para a prórroga do dito contrato.



b) Que se indique la fecha en que fue concedida la Nave de
Y .. y se facilite contrato a esta parte.

A este efecto xúntase a información solicitada dando traslado de copia da resolución de referencia.

Segundo.- Acordase denegar o acceso de : á información de:

Que se certifique de si a fecha, se ha producido la entrega anual de las cuentas depositadas en el Registro Mercantil, o en su defecto, copia autenticada de los libros de registro de ventas e ingresos debidamente diligenciados para el cálculo del importe de las tasas que sean aplicables, tanto por parte de la concesionaria , como por parte de la cesionaria . (Tasa ACIS correspondiente al 1% de cifra neta de negocio realizada en el ámbito de la concesión)

Contra desta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado de igual clase de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela a

18 MAI. 2017

APRESIDENCIA
IA DE GALICIA
Portos
-Presidente
CONSELLERÍA DO MAR
-José Juan Durán Hermida-